



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

ACTA Nº 7

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

-CONCELLO, LUNS 29 DE XULLO 2019 -

No día de hoxe, ás 20:04 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

WALTER PARDO AÑON

ASISTEN:

PSOE

JOSE ANGEL GARRIDO SUAREZ

MARIA MANUELA ALVAREZ REY

TAMARA TORRADO ROEL

BNG

DANIEL GARCIA REIGIA

LETICIA NAYA VARELA

PP

EDUARDO JOSE PARGA VEIGA

FERNANDO RODRIGUEZ BALDOMIR

MARIA PILAR DOLDAN POSE

MARIA SOLEDAD BLANCO GORIN

MIGUEL ANGEL FERNANDEZ MIRAS

NOELIA FREIJEIRO NOVO



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

NON ADSCRITO

ALFREDO CAÑIZO GARRIDO

SECRETARIO/A:

EVA JARDON LOPEZ

INTERVENTOR/A:

ANA MARÍA IGLESIAS GATO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1. Aprobación acta sesión anterior.
2. Determinación da periodicidade das sesións ordinarias do Pleno da Corporación e da Xunta de Goberno Local.
3. Determinación das Comisións Informativas que existirán no Concello, composición e réxime de funcionamento.
4. Nomeamento de representantes do Concello nos diferentes órganos colexiados.
5. Aprobación da dotación de axudas aos distintos grupos políticos do Concello.
- 6 Aprobación dos cargos con adicación total, as retribucións dos mesmos, e as asistencias por concorrencia aos órganos colexiados.
7. Dación de conta da resolución de alcaldía na que se acorda a continuidade de don Alfredo Cañizo Garrido na situación de servizos especiais.
8. Dación de conta da resolución de alcaldía de constitución da Xunta de Goberno Local e delegación de competencias.
9. Dación de conta da constitución dos grupos políticos municipais.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

PROPOSTAS ORDINARIAS

1. Aprobación acta sesión anterior.

O Alcalde pregunta aos concelleiros se alguén quere facer algunha observación, sen que ninguén teña nada que alegar, polo que de conformidade co disposto no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais considerase a mesma APROBADA.

2.- Determinación da periodicidade das sesións ordinarias do Pleno da Corporación e da Xunta de Goberno Local

“PROPOSTA DE ACORDO

Como consecuencia da constitución do Concello de conformidade cos resultados das eleccións locais do pasado 26 de maio de 2019, faise necesario fixar a periodicidade das sesións do Pleno e da Xunta de Goberno Local.

Visto o establecido nos artigos 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, os artigos 210 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, artigos 46 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 781/1976, polo que se aproba o Texto Refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local e os artigos 38 e 77 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, propónse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Establecer que o Pleno celebre sesión ordinaria, con carácter bimestral, o último xoves de cada mes impar do ano, 20:00 horas no salón de sesións do Concello. A celebración do mesmo poderá adiantarse ou atrasarse ao día hábil anterior ou posterior no caso de que o último xoves do mes coincida cun día festivo ou inhábil, manténdose a hora de celebración nas 20:00 horas.*

Segundo.- *Establecer que a Xunta de Goberno Local celebre sesión ordinaria cada 15 días, no día e hora que se estableza na Resolución de Alcaldía pola que se leve a cabo a convocatoria.*



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

*Asinado dixitalmente, en Malpica de Bergantiños, polo alcalde, don Walter Pardo Añón,
na data que figura ao marxe.”*

Debate:

A Secretaria da conta da proposta da Alcaldía. O Alcalde pregunta aos concelleiros se teñen algo que dicir, sen que ningún deles faga observacións, procédese á votación da mesma.

Votacións:

Votos a favor: 7

- 0 PP
- 4 PSOE
- 2 BNG
- 0 Ciudadanos
- 1 Non adscritos

Votos en contra: 0

- 0 PP
- 0 PSOE
- 0 BNG
- 0 Ciudadanos
- 0 Non adscritos

Abstencións: 6

- 6 PP
- 0 PSOE
- 0 BNG
- 0 Ciudadanos
- 0 Non adscritos

Resultado: Maioría Absoluta



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Estado Proposta: Aprobada

3.- Determinación das Comisións Informativas que existirán no Concello, composición e réxime de funcionamento.

“PROPOSTA DE ACORDO

Visto que o art. 20.1 c) da lei 7/198, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, en diante LBRL, establece que “Nos Concello de máis de cinco mil habitantes existirán órganos que teñan por obxecto o estudio, informe ou consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do pleno, así como o seguimento da xestión do Alcalde, da Xunta de Goberno Local e dos Concelleiros que ostenten delegación, sen prexuízo das competencias de control que corresponden ao Pleno. Todos os grupos políticos integrantes da corporación terán dereito a participar en ditos órganos, mediante a presenza de Concelleiros pertencentes ao mesmos en proporción ao número de Concelleiros que teñan no Pleno.”

Visto que o art. 20.1 e) LBRL establece que “A Comisión Especial de Contas existe en todos os municipios de acordo coa estrutura prevista no artigo 116”

Considerando, pois, o establecido no sinalado artigo 20 LBRL, os artigos 66 a 68 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia e os artigos 38, 123 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, en diante ROF,

Proponse a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro. *Crear unha Comisión Informativa permanente coa seguinte denominación, ámbito competencial, composición e réxime de funcionamento:*

1.- Denominación:

Comisión Informativa de Asuntos Xerais.

2.- Ámbito Competencial:



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Comisión Informativa de Asuntos Xerais: exercerá as competencias nas materias que non foran expresamente atribuídas á Comisión Especial de Contas.

3- Composición:

De conformidade co disposto no artigo 66.2 da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, onde se sinala que “O número de membros será proporcional á súa representatividade no Concello ou igual para cada grupo. No último caso aplicarase o sistema de voto ponderado.” a citada comisión quedará integrada por sete membros (7), tres en representación do grupo municipal PP, dous en representación do grupo municipal PSdeG-PSOE, un en representación do grupo municipal BNG, e un concelleiro non adscrito.

A adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban de formar parte da mesma, en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do voceiro do mesmo dirixido á Alcaldía do que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre. Poderán designarse suplentes para o titular.

O Alcalde é o Presidente nato de todas as Comisións, sen embargo, a presidencia efectiva de cada Comisión poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seno.

4.- Réxime de funcionamento das Comisións. As Comisións Informativas celebrarán sesión ordinaria con carácter bimestral, o venres da semana anterior á da celebración do Pleno, ás 13:30 horas.

Segundo. *Constituír a Comisión Especial de Contas, ao abeiro dos artigos 20 e 116 LBRL coa seguinte denominación, ámbito competencial, composición e réxime de funcionamento,*

1.- Denominación:

Comisión Especial de Contas.

2.- Ámbito competencial:



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

As atribuídas polos artigos 20, 116 da lei 7/1985 LBRL o artigo. 127.2 ROF. Así mesmo actuará como Comisión Informativa de carácter permanente para os asuntos relativos a economía e facenda da entidade, ao abeiro do art. 127.3 ROF.

3.- Composición:

De conformidade co disposto no sinalado artigo 66.2 da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, a citada comisión quedará integrada por sete membros (7), tres en representación do grupo municipal PP, dous en representación do grupo municipal PSdeG-PSOE, un en representación do grupo municipal BNG, e un concelleiro non adscrito.

A adscrición concreta á Comisión dos membros da Corporación que deban de formar parte da mesma, en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do voceiro do mesmo dirixido á Alcaldía do que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre. Poderá designarse un suplente para cada titular.

O Alcalde é o Presidente nato da Comisión, sen embargo, a presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, trala correspondente elección efectuada no seu seno.

3.- Réxime de funcionamento:

A Comisión Especial de Contas celebrará sesión dentro dos prazos legalmente establecidos cando sexa procedente de conformidade co previsto na lexislación de réxime local e de facendas locais, e cando actúe como Comisión Informativa Permanente, celebrará a súa sesión ordinaria o venres da semana anterior á da celebración do Pleno ás 13:45 horas.

Terceiro. *Este acordo terá efectos inmediatos desde a súa adopción polo Pleno, as correspondentes sesións de constitución das Comisións deberán de realizarse no prazo de dous meses a contar desde a data antes sinalada.*

Asinado dixitalmente, en Malpica de Bergantiños, polo alcalde, don Walter Pardo Añón, na data que figura ao marxe”.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Debate:

A secretaria da conta da proposta, o Alcalde pregunta aos concelleiros presentes se teñen algo que dicir, e sen que exista debate sobre este punto procédese á votación do mesmo.

Votacións:

Votos a favor: 7

0 PP
4 PSOE
2 BNG
0 Ciudadanos
1 Non adscritos

Votos en contra: 0

0 PP
0 PSOE
0 BNG
0 Ciudadanos
0 Non adscritos

Abstencións: 6

6 PP
0 PSOE
0 BNG
0 Ciudadanos
0 Non adscritos

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

4.- Nomeamento de representantes do Concello nos diferentes órganos colexiados.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Como consecuencia da constitución do Concello de conformidade cos resultados das eleccións locais do pasado 26 de maio, faise necesario levar a cabo o nomeamento dos representantes do Concello en determinados órganos colexiados nos que está representado,

Visto o establecido no art. 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, proponse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. Nomear de conformidade co previsto no art. 126 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, aos seguintes representantes do Concello no Consellos Escolares dos centros públicos radicados no termo municipal.

	C.RA NOSA SEÑORA DO FARO	CEIP X. ROGUEZ	CEIP MILLADOIRO	IES URBANO LUGRIS
Titular	Alfredo Cañizo Garrido	Leticia Naya Varela	M ^a Manuela Álvarez Rey	Walter Pardo Añón
Suplente	M ^a Manuela Álvarez Rey	M ^a Manuela Álvarez Rey	Tamara Torrado Roel	M ^a Manuela Álvarez Rey

Segundo. Nomear de conformidade co previsto nos artigos 10 e 11 dos Estatutos do Consocio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, como representante do Concello na asemblea xeral/pleno do devandito Consorcio a dona Tamara Torrado Roel, e como suplente a dona Leticia Naya Varela.

Terceiro. Nomear como representante do Concello nos órganos colexiados que a continuación se relacionan ao alcalde do Concello e como suplente do mesmo ás/aos seguintes Concelleiras/os:



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

- *Don Alfredo Cañizo Garrido como suplente do representante do Concello no Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) e no Grupo de Acción Costeira (GAC).*
- *Dona Leticia Naya Varela como suplente do representante do Concello no Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade (C.I.F. 15629629, inscrito co número 4688 sección 1ª no Rexistro Provincial de Asociación Voluntaria de Galicia.*
- *Dona Leticia Naya Varela como suplente do representante do Concello na Asociación Española de Cidades da Cerámica (AeCC).*
- *Dona Leticia Naya Varela como suplente do representante do Concello na Asociación Neria.*

Cuarto: *Respecto á a composición da Mesa Local de Comercio do Concello de Malpica de Bergantiños, considerando o disposto no Decreto 183/2011, do 15 de setembro, polo que se Regulan as Mesas Locais do Comercio (DOG núm. 188, de 30 de setembro de 2011), no que se sinala que o alcalde ou persoa en quen delegue exercerá as funcións da presidencia das mesas locais do comercio, propónse a dona Tamara Torrado Roel como vocal en representación da Administración local.*

Quinto: *Respecto ao Comité de Irmandamento co Concello de Malpica del Tajo (acordo plenario de data de 26 de marzo de 2015) propónse que o mesmo estea composto polos seguintes membros:*

- *Presidente: don Alfredo Cañizo Garrido.*
- *3 representantes da corporación, un por cada grupo político presente na mesma e elixidos a proposta dos seus membros.*
 - *3 representantes do movemento asociativo Malpicán, elixidos a proposta dos representantes das asociacións inscritas no rexistro de asociacións do Concello de Malpica, convocados ó efecto.*
 - *1 Traballador/a do Concello de Malpica da área de cultura e turismo.*

Sexto: *Notificar a presente aos nomeados e dar traslado do presente acordo aos correspondentes órganos.*

Asinado dixitalmente, en Malpica de Bergantiños, polo alcalde, don Walter Pardo Añón, na data que figura ao marxe”.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Debate:

A secretaria da conta da proposta, o Alcalde pregunta aos concelleiros presentes se teñen algo que dicir, e sen que exista debate sobre este punto procédese á votación do mesmo.

Votacións:

Votos a favor: 7

0 PP
4 PSOE
2 BNG
0 Ciudadanos
1 Non adscritos

Votos en contra: 0

0 PP
0 PSOE
0 BNG
0 Ciudadanos
0 Non adscritos

Abstencións: 6

6 PP
0 PSOE
0 BNG
0 Ciudadanos
0 Non adscritos

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada

5.- Aprobación da dotación de axudas aos distintos grupos políticos do Concello.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

A sesión de constitución da Corporación celebrouse o día 15 de xuño de 2019, quedando nesa data disoltos os anteriores grupos políticos da anterior Corporación. A constitución dos novos grupos políticos formados polos concelleiros electos, de acordo co artigo 24 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, realizouse no prazo dos 5 días hábiles seguintes ó da constitución da corporación, mediante escritos asinados por todos os integrantes, resultando constituídos os seguintes:

- *Grupo Municipal do Partido Popular escrito de constitución con rexistro de entrada de 21 de xuño de 2019, número 2659 formado por 6 concelleiros, nomeando portavoz a don Eduardo Jose Parga Veiga e suplente don Miguel Ángel Fernández Miras.*
 - *Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, escrito de constitución con rexistro de entrada de 21 de xuño de 2019, número 2661 formado por 2 concelleiros, nomeando portavoz a don Daniel García Reigía e suplente a dona Leticia Naya Varela.*
 - *Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE, escrito de constitución con rexistro de entrada de 21 de xuño de 2019, número 2662, formado por 4 concelleiros, nomeando portavoz a don Walter Pardo Añón, e como suplentes, a don Ángel Garrido Suárez, dona María Manuela Álvarez Rey e dona Tamara Torrado Roel.*
 - *Don Alfredo Cañizo Garrido, presentou escrito o 21 de Xuño de 2019, número de rexistro 2679, no que comunica a integración na Corporación Municipal sendo o seu propio portavoz, e o partido político Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, representado por don Jose Carlos Velasco Sánchez, presentou o 24 de xuño de 2019, rexistro 2680, escrito no que comunica ao Concello a baixa no partido do concelleiro don Alfredo Cañizo Garrido, e solicita a no constitución do grupo municipal de Ciudadanos. Polo que don Alfredo Cañizo Garrido terá a consideración de concelleiro non adscrito.*

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local posibilita, en aplicación do disposto no parágrafo segundo do seu artigo 73.3, asignar ós grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun compoñente fixo, idéntico para todos os grupos e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, no seu caso, establézanse con carácter xeral nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado e sen que poidan



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

destinarse ó pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ó servizo da corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Por todo o exposto propónse ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- *Asignar a cada un dos grupos políticos constituídos polos membros do pleno a efectos de su actuación corporativa, as seguintes asignacións económica anuais; asignacións determinadas por un compoñente fixo de 500 € / ano por grupo político e un compoñente variable de 500 € / ano por cada membro integrante do grupo político:*

Grupo político	Nº de concelleiros	Compoñente fixo	Compoñente variable	TOTAL
Grupo municipal PP	6	500,00	3000,00	3500,00
Grupo municipal PSdeG-PSOE	4	500,00	2000,00	2500,00
Grupo municipal do BNG	2	500,00	1000,00	1500,00
			TOTAL ANUAL	7500,00

Segundo.- *As asignacións económicas anuais se farán efectivas no duodécimo mes do ano e referidas os doce meses de cada anualidade, facéndose efectiva por ano completo e con referencia ó primeiro día do ano natural que corresponda , salvo no seguintes casos, en que se liquidará por días: no ano 2019, de constitución dos grupos políticos resultantes das eleccións municipais de 2019, dende o día da constitución do grupo ata o 31 de decembro dese ano. No ano 2023 de termo do mandato, dende o 1 de xaneiro ata a data de sesión de constitución da nova corporación*

Terceiro.- *Cada un dos grupos políticos constituídos polos membros do Pleno a efectos de su actuación corporativa, deberán levar unha contabilidade específica da asignación económica anual, con separación de ingresos recibidos e gastos efectuados e soportados na oportuna*



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

documentación acreditativa que cumpra os requisitos formais esixidos polas normas mercantís e fiscais, que será posta a disposición do Pleno sempre que este órgano a solicite, en aplicación do sinalado no parágrafo 5 do artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local.

Asinado dixitalmente, en Malpica de Bergantiños, polo alcalde, don Walter Pardo Añón, na data que figura ao marxe.”

Debate:

A secretaria da conta da proposta, o Alcalde pregunta aos concelleiros presentes se teñen algo que dicir, e sen que exista debate sobre este punto procédese á votación do mesmo.

Votacións:

Votos a favor: 7

- 0 PP
- 4 PSOE
- 2 BNG
- 0 Ciudadanos
- 1 Non adscritos

Votos en contra: 0

- 0 PP
- 0 PSOE
- 0 BNG
- 0 Ciudadanos
- 0 Non adscritos

Abstencións: 6

- 6 PP
- 0 PSOE
- 0 BNG



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

0 Ciudadanos

0 Non adscritos

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada

6.- Aprobación dos cargos con adicación total, as retribucións dos mesmos, e as asistencias por concorrencia aos órganos colexiados.

PROPOSTA DA ALCALDÍA

O alcalde do concello, de conformidade co sinalado no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e en relación coa determinación, tanto de retribucións polo desempeño con dedicación exclusiva do exercicio do cargo da alcalde e concelleiros así como da contía das asistencias pola concorrencia efectiva as sesións dos órganos colexiados da Corporación, visto o informe de desconformidade con efectos suspensivos emitido 23/07/2019 pola intervención municipal, propón ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos

Primeiro.- *Levantar o reparo suspensivo en relación ao pagamento con efecto retroactivo da dedicación exclusiva do Concelleiro delegado de Obras e Servizos, e de Seguridade Cidadanía e Tráfico.*

Segundo.- *As retribucións polo desempeño con dedicación exclusiva dos postos da Alcaldía, do Concelleiro delegado de Obras e Servizos, e de Seguridade Cidadanía e Tráfico, e da Concellería de cultura, olería, igualdade e patrimonio serán as seguintes:*

2.1.- *A retribución do posto de Alcaldía polo desenvolvemento do cargo con dedicación exclusiva queda establecida en 38.000 euros brutos anuais, distribuídos en doce mensualidades de 2.714,29 euros e dúas pagas extras de 2.714,29 euros, a percibir nos meses de xuño e decembro.*

2.2.- *A retribución do posto de Concellería de turismo, seguridade, tráfico, servizos e agro polo desenvolvemento do cargo con dedicación exclusiva queda establecida en 36.000 euros brutos anuais, distribuídos en doce mensualidades de 2.571,43 euros e dúas pagas extras de 2.571,43 euros, a percibir nos meses de xuño e decembro*



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

2.3.- A retribución do posto de Concellería de cultura, olería, igualdade e patrimonio polo desenvolvemento do cargo con dedicación exclusiva queda establecida en 36.000 euros brutos anuais, distribuídos en doce mensualidades de 2.571,43 euros e dúas pagas extras de 2.571,43 euros, a percibir nos meses de xuño e decembro

O alcalde- presidente será dado de alta no correspondente código de conta de cotización ao Réxime Xeral da Seguridade Social, con efectos económicos e data de alta no referido réxime dende o 15 de xuño de 2019, data da súa toma de posesión no cargo.

No caso do concelleiro delegado de turismo, seguridade, tráfico, servizos e agro será dado de alta no correspondente código de conta de cotización ao Réxime Xeral da Seguridade Social, con efectos económicos e data de alta no referido réxime, dende o 15 de xuño de 2019.

No caso da concelleira delegada de cultura, olería, igualdade e patrimonio será dado de alta no correspondente código de conta de cotización ao Réxime Xeral da Seguridade Social, con efectos económicos e data de alta no referido réxime dende o 1 de setembro de 2019, data na cal a concelleira fará a aceptación expresa a que se refire o artigo 13.4 ROF.

Terceiro.- *Que os membros da Corporación que non teñan adicación exclusiva o parcial perciban en concepto de asistencias por concorrencia efectiva as sesións dos órganos colexiados que se citan, as seguintes contías:*

- *Plenos: 90 euros/sesión*
- *Xuntas de Goberno Local: 90 euros/sesión*
- *Comisións Informativas: 90 euros/sesión*
- *Dietas en desprazamentos/quilometraxe: aplicarase o R.D. 462/2002 e a Orden do Ministerio de Economía e Facenda 3770/2005, do 1 de decembro ou norma que no futuro a substitúa.*

Asinado dixitalmente, en Malpica de Bergantiños, polo alcalde, don Walter Pardo Añón, na data que figura ao marxe.”

No punto segundo do acordo onde pon Concelleiro delegado de Obras e Servizos, e de Seguridade Cidadanía e Tráfico, ten que pñer Concelleiro delegado de turismo, seguridade, tráfico, servizos e agro



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Debate:

A secretaria da conta da proposta, e o Alcalde pregunta aos concelleiros se teñen algo que dicir, neste momento toma a palabra o voceiro do PP, don Eduardo Parga Veiga pon de manifesto que pasaron 44 días dende a toma de posesión do alcalde, momento no cal o BNG deu o apoio a alcaldía, se ben non tiñan un pacto de goberno e foi preciso un comunicado do Bloque situándose na oposición porque foi a demanda dos veciños de Malpica, aínda que despois comezaron as negociacións para a gobernabilidade, e fai 7 días sacaron un comunicado demoledor no que case no importaban as concellerías, senón as dedicacións, polo que pregunta qué dedicación pedía o señor Alcalde e Cañizo para que esas dedicacións lle pareceran indignas ao BNG, e qué responsabilidades van ter os concelleiros delegados para cobrar uns soldos tan parecidos aos do Alcalde, porque só hai dos 2000 euros de diferenza.

Tamén comenta que lle sorprende moito que non se traía a dación de conta do tenente alcalde, porque se lle pasa algo ao alcalde non hai ninguén que lle substitúa.

Por outra banda comenta que hai un informe de reparo da intervención no que se pon de manifesto que o señor Cañizo non ten dereito a cobrar o soldo con retroactividade, que o único que ten ese dereito é o alcalde porque foi nomeado o 15 de xuño, pero non o señor Cañizo, que foi nomeado para con posterioridade, e advirte dun erro na proposta pois nelaponse que será concelleiro de obras, e esa concellería corresponde a outro concelleiro, a secretaria toma co fin de solventar dito erro.

Para concluír di que só se intentou sacar do goberno ao Partido Popular, sen un pacto de goberno, e que eles estarán na oposición buscando o mellor para Malpica.

Toma a palabra don Miguel Ángel Fernández Miras, se ben o señor Parga esqueceu facer un último comentario polo que toma de novo a palabra, para dicir que non usou os medios, pero que quere dicir que non lle gustou que no día da elección do Alcalde, este non fora a tomar os pinchos que estaban organizados cos veciños, e que fixera un mal uso da representación institucional, porque o Alcalde preguntolle que tiña que facer co bastón e el díxolle que podía saír con el, facerse as fotos institucionais e depositalo no despacho, pero usouno coma se gañase un trofeo, e ás 10 da



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

noite estaba no paseo con el, e ás 3 da mañá nun bar bailando ao redor del, e todo o mundo sacábase fotos co bastón. O Alcalde comenta que foi co Alcalde de Ponteceso a celebrar o nomeamento porque llo prometeu e despois veu tomar o viño cos veciños, pero que lle ten moito respecto ao bastón.

Toma a palabra don Alfredo Cañizo, para dicir que se tardou, porque houbo que negociar, que el pedía 42.000 euros e tivo que baixar a 36.000, e despois pregunta ao señor Parga se sabe o que é un tenente alcalde, porque el non lle da importancia a iso, e que fíxose un goberno moi negociado, falado, co fin de ter unha estabilidade e unha seguridade do que se ía facer.

Comenta tamén que en canto a retroactividade dos salarios non se comete ningunha ilegalidade, que hai que distinguir dúas palabras, ilegal e alegal, ao que don Eduardo contesta que no pleno vaise levantar un reparo con efectos suspensivos.

Toma a palabra don Miguel Ángel Fernández, que da o seu apoio o dito polo voceiro do PP, e despois comenta a foto que se fixo o día da toma de posesión dos tres cabeza de listas dos partidos que van formar o tripartito, así como os comunicados do BNG.

Intervén don Daniel García para explicar que o Bloque funciona mediante acordo assembleario, como foron as negociacións, así como o contido dos comunicados que foron emitidos coa finalidade de ser transparentes e dar coñecemento de como avanzaban as negociacións. Tamén comenta que se chegou o día 29 para facer as cousas con sentido, e que no tema dos soldos, o importe total bruto dos mesmos é de 110.000 euros, os mesmos que había no bipartito hai 8 anos, polo que ou antes era unha barbaridade, o agora están en cifras lóxicas.

Comeza un debate sobre o importe dos soldos.

O Alcalde toma a palabra para agradecer a valentía do Bloque e de Alfredo Cañizo e da por concluído o debate, procedéndose a votación, en primeiro lugar do levantamento do reparo, co seguinte resultado:

Votos a favor: 7

0 PP



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

4 PSOE
2 BNG
0 Ciudadanos
1 Non adscritos

Votos en contra: 6

6 PP
0 PSOE
0 BNG
0 Ciudadanos
0 Non adscritos

Abstencións: 0

0 PP
0 PSOE
0 BNG
0 Ciudadanos
0 Non adscritos

En segundo lugar procédese a votar o contido da proposta co seguinte resultado:

Votacións

Votos a favor: 7

0 PP
4 PSOE
2 BNG
0 Ciudadanos
1 Non adscritos

Votos en contra: 6

6 PP
0 PSOE



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

0 BNG
0 Ciudadanos
0 Non adscritos

Abstencións: 0

0 PP
0 PSOE
0 BNG
0 Ciudadanos
0 Non adscritos

Resultado: Maioría Absoluta

Estado Proposta: Aprobada

DACIÓN DE CONTAS

7.- Dación de conta da resolución de alcaldía na que se acorda a continuidade de don Alfredo Cañizo Garrido na situación de servizo especiais.

8.- Dación de conta da resolución de alcaldía de constitución da Xunta de Goberno Local e delegación de competencias.

Pide a palabra don Eduardo José Parga para preguntar outra vez quen é o primeiro tenente de alcalde.

9.- Dación de conta da constitución dos grupos políticos municipais.

Pola secretaria do Concello dáse conta de que no prazo regulamentario constituíronse os seguintes grupos políticos:

- Grupo Municipal do Partido Popular mediante escrito con rexistro de entrada de 21 de xuño de 2019, o mesmo queda formado por 6 concelleiros, nomeando portavoz a don Eduardo José Parga Veiga e suplente don Miguel Ángel Fernández Miras.
- Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, mediante escrito de constitución



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

con rexistro de entrada de 21 de xuño de 2019, o mesmo queda formado por 2 concelleiros, nomeando portavoz a don Daniel García Reigía e suplente a dona Leticia Naya Varela.

- Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE, mediante escrito de constitución con rexistro de entrada de 21 de xuño de 2019, o mesmo queda formado por 4 concelleiros, nomeando portavoz a don Walter Pardo Añón, e como suplentes, a don Ángel Garrido Suárez, dona María Manuela Álvarez Rey e dona Tamara Torrado Roel.

Así mesmo dáse conta de que no caso de don Alfredo Cañizo Garrido, o concelleiro presentou escrito o 21 de Xuño de 2019, comunicando a integración na Corporación Municipal sendo o seu propio portavoz, e o partido político Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, presentou o 24 de xuño de 2019, escrito no que comunica ao Concello a baixa no partido do concelleiro don Alfredo Cañizo Garrido, e solicita a no constitución do grupo municipal de Ciudadanos. Polo que don Alfredo Cañizo Garrido terá a consideración de concelleiro non adscrito.

Pide a palabra dona María Pilar Doldán para preguntar ao Bloque porque se desde hai tres semanas que o partido sabe que vai entrar no goberno se puxeron tantas trabas para formar goberno, pois isto se sabía por un erro que cometeron eles.

Don Daniel explica outra vez o que pasou no pleno de constitución, e as decisións da asemblea, e dona Leticia di que hai tres semanas eles non sabían que ían a entrar, que a decisión se tomou hai uns días.

Non habendo máis asuntos que tratar, por orde da Presidencia, sendo as 21:07 horas, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, como secretaria dou fe.

Asinada dixitalmente en Malpica de Bergantiños, pola Secretaria, dona Eva Jardón López, co visto e praxe do Alcalde, don Walter Pardo Añón.



C O N C E L L O
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A